Achegas patrimoniais	0,00		0,00	
Outros gastos en activos financeiros	20.000,00	0,00 %	20.000,00	
Capítulo 9. Pasivos financeiros	217.448,00	17,84 %	256.238,00	Segundo a previsión de débeda (execución orxamentaria trimestral)
Total de gastos financeiros	237.448,00	16,34 %	276.238,00	

Saldos e outras magnitudes	Ano 2024 (€)	% taxa variación 2024/25	Ano 2025 (€)
Saldo operacións correntes	378.305,70	21,64 %	480.790,28
Saldo operacións de capital	-160.840,00	5,00 %	-160.840,00
Saldo operacións financeiras	-217.448,00	17,84 %	-256.238,00
SEC	-100.000,00	-90,00 %	-10.000,00
Capacidade o necesidade de financiación	1.110.807,42	-80,20 %	219.950,28
CV LP	2.874.407,00	-8,91 %	2.618.169,00
Ratio débeda viva/ingresos correntes	0,33	-11,57 %	0,30

SEGUNDO

Darlle conta deste acordo ao Pleno á Intervención Municipal para que proceda á súa remisión telemática antes do 15 de outubro, a través da Oficina Virtual das EE.LL., de acordo co artigo 13.1 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.-

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE FACILITAR A IMPLANTACIÓN DA LIGA DE FÚTBOL SALA DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE FACILITAR A IMPLANTACIÓN DA LIGA DE FÚTBOL SALA DE RIANXO** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

Título MOCIÓN: Facilitar a Implantación da Liga de Fútbol Sala de Rianxo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fútbol sala foi, ao longo dos anos, unha actividade deportiva de gran relevancia no municipio de Rianxo, non só pola súa tradición e arraigamento social, senón tamén polo dinamismo e cohesión veciñal que xerou. As ligas de fútbol sala tiveron un notable impacto na vida dos habitantes de Rianxo, sendo un punto de encontro e un medio para promover a saúde, o lecer activo e o deporte local, aspecto que se manifestou recentemente coa celebración do maratón de futbol sala no Pabellón Municipal.

En edicións anteriores, as ligas de fútbol sala en Rianxo demostraron un funcionamento exitoso, convocando a máis de 250 persoas cada fin de semana, o cal non só representa un beneficio social e deportivo, senón tamén un impacto económico directo no comercio local, fomentando a actividade en cafeterías, restaurantes, tendas e outros negocios. Esta mobilización de persoas potencia a economía local e posiciona a Rianxo como un referente na promoción do deporte.

Constanos que, a nivel municipal, dende o Concelleiro de Deportes, se teñen expresado múltiples situacións e esixencias que impediron a creación dunha nova liga de fútbol sala, obstaculizando a posta en marcha dunha actividade que claramente favorece á nosa comunidade. Resulta fundamental que o Concello de Rianxo valore esta iniciativa non como un problema, senón como unha oportunidade de crecemento e desenvolvemento social, deportivo e económico.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno do Concello de Rianxo a adopción do seguinte acordo:

Acordo:

- **Instar ao Concello de Rianxo a facilitar a implantación da liga de fútbol sala no noso municipio, garantindo horarios axeitados á actividade e instalacións que permitan a viabilidade da actividade.**
- **Comprometerse a proporcionar os recursos necesarios para que a liga de fútbol sala poida levarse a cabo en condicións axeitadas, fomentando a participación cidadá e promovendo o deporte local.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 8 votos a favor (4 dos membros do grupo PP, 4 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e 5 abstencións (dos 4 membros do grupo Rianxo en Común e a concelleira do grupo BNG) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos

desta

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE REGULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO NOSO CONCELLO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE REGULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO NOSO CONCELLO** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

Título MOCIÓN: Regulación de entradas e saídas dos centro educativos do noso Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A regulación do tráfico e das entradas e saídas nos centros educativos do noso concello é un aspecto fundamental para garantir a seguridade dos nosos nenos e nenas. No caso do CEIP ADR Castela, constatamos que hai persoal policial que regula as entradas e saídas todos os días, mais outros centros educativos, como o CEIP Brea Segade , CEIP Ana María Diéguez de Asados ou mesmo no IES Felix Muriel, non dispoñen das mesmas medidas de seguridade nin das infraestruturas adecuadas para asegurar un acceso ordenado e seguro.

Consideramos necesario instar ao Concello de Rianxo a levar a cabo unha serie de actuacións que garantan a seguridade nos accesos aos centros educativos e melloren as infraestruturas necesarias para tal fin. Como xa reivindicamos e expuxemos con anterioridade o PSdG de Rianxo xa foi quen de impulsar a ampliación da sección da vía na DP 7202 o seu paso polo Insituto Felix Muriel, proxecto que de seguro terá unha repercusión positiva nesta proposta que traemos ó pleno de Rianxo. As demais do exposto creemos que as seguintes actuacións serían aconsellables de facer, e é máis, consideramos que plantexando xa en novembro de 2023 un proxecto de mobilidade sostible, donde reflexábamos estes aspectos, sercía de interés para Rianxo poder telo feito xa para o inicio deste curso escolar.

Donde o PSdG de Rianxo, consideramos que sería de interés...

Crear novas prazas de estacionamento con espazos reservados para vehículos de con mobilidade reducida en zonas preferentes e próximas ó acceso ós colexios.

Construír beirarrúas e rutas seguras para o acceso aos colexios, contando co acompañamento policial nas horas de entrada.

Reorganizar o estacionamento e mellorar a circulación nos arredores dos centros educativos.

Reubicar e mellorar a disposición dos colectores de lixo nos accesos aos centros educativos, co fin de evitar obstáculos e facilitar o tránsito seguro.

Do mesmo xeito, invitamos ao grupo municipal liderado por Julián Bustelo a revisar as entradas dos colexios pertencentes ao CRA de Rianxo, apostando pola mellora das infraestruturas e medidas de seguridade necesarias para garantir o benestar e a tranquilidade de toda a comunidade educativa.

Por todo isto, o grupo municipal do PSdG PSOE de Rianxo solicita ao Pleno do Concello de Rianxo a aprobación dos seguintes acordos:

- **Instar ao Concello de Rianxo a regular de forma adecuada as entradas e saídas dos centros educativos do municipio**
- **Levar a cabo melloras nas infraestruturas necesarias, incluíndo a creación de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, a construción de beirarrúas e rutas seguras, así como a reorganización dos espazos para facilitar a circulación.**
- **Valorar unha posible colaboración da Policía Local para o acompañamento nas rutas seguras do acceso ó Colexio ADR Castelao**
- **Revisar e mellorar os accesos e infraestruturas dos colexios pertencentes ao CRA de Rianxo.**
- **Instar á Deputación Da Coruña a Repintar a zona de aparcamento na DP 7202, para evitar a aglomeración de coches en zona de parada de autobuses.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo Rianxo en Común) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABONAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN.

Título MOCIÓN: Suba do cánon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 € , o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Rianxo presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Rianxo insta

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3-. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

2-. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

3-. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

4.- Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 do membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), 4 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO

CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS** sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Dona Sarela Betanzos Freire Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Rianxo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025.

Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.

No outono de 2022 a Xunta incluiu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada).

E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure excusas e xustificacións

externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptado ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi costoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións. o novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- **Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.**
- **Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao costoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración**
- **Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión deresiduos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 do membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), 4 votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e cero abstención dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta**

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN SOLICITANDO A CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DA PALESTINA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN SOLICITANDO A CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DA PALESTINA sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Dona Sarela Betanzos Freire Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Rianxo, ao abeiro da lexislación vixente, e a instancias da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal do BNG vemos con grande preocupación a grave situación que se está vivindo na Palestina e cremos que compartimos estes sentimentos coa maioría da veciñanza. Sendoo concello a institución máis próxima ao sentir da cidadanía, consideramos imprescindible que o Concello de Rianxo faga súa esta preocupación e as demandas do sentir popular e **denuncie a grave vulneración do dereito internacional e os crimes de guerra que día a día e ano tras ano está a cometer o Estado de Israel.**

O pobo palestino está a sufrir unha agresión brutal e inhumana, non só desde o 7 de Outubro, senón desde hai **máis de 76 anos**. O estado de Israel leva décadas de ocupación ilegal dos territorios palestinos e utiliza a forza militar e a violencia para impor a súa presenza e manter un réxime de Apartheid na Palestina.

Os terribes ataques e bombardeos en Gaza deixan máis de **41.000 vítimas mortais, milleiros de persoas desaparecidas e feridas** que non teñen posibilidade de atención médica. Unhas cifras terribes que aumentan co paso dos días. A destrución dos fogares da maioría da poboación de

Gaza, o derrubamento de infraestruturas civís, sen respectar nin escolas nin hospitais, está a provocar o desprazamento forzado de centos de milleiros de habitantes da faixa cara as chamadas “zonas seguras” nas que tampouco se respecta a poboación civil. Os cortes de subministracións e o peche total das fronteiras baixo control de Israel teñen como consecuencia unha grave desnutrición e fame, especialmente nos máis vulnerábeis, e a morte de persoas enfermas e feridas que non teñen acceso a medicamentos nin atención médica, situación que denuncian organizacións internacionais como a OMS, a Cruz Vermella, a Media Lúa Vermella ou Médicos sen Fronteiras. Na Palestina ocupada é preocupante a escalada de violencia e do roubo de terras para asentamentos ilegais. Desde outubro de 2023 máis de 652 palestinas foron asasinadas fóra de Gaza, incluíndo 150 menores, milleiros de persoas desprazadas pola violencia, a ocupación e o roubo das súas propiedades e máis de 12.000 persoas detidas en prisións israelís sen cargos nin xuízos.

O pasado 18 de Setembro, a **Asemblea Xeral da ONU** adoptou por abafante maioría unha **resolución para esixir a fin da ocupación dos territorios palestinos**. Esta resolución “pide a Israel que poña fin sen demora á súa presenza ilegal nos territorios palestinos ocupados, incluído Xerusalén Este”. Esixe ademais, a Israel, que devolva as terras roubadas á poboación palestina, permita o retorno ás persoas desprazadas e proceda a reparar aos damnificados, e piden, ademais, á comunidade internacional que non recoñeza as consecuencias territoriais, legais nin demográficas da ocupación de territorio palestino.

Por todo isto, en defensa dos Dereitos humanos, dos que toda persoa e pobo debe gozar, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. **Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos**, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a **detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina**.
2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a **mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela**.
3. Amosar o respecto pleno ao **dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial**.
4. Manifestar a total **solidariedade** do Concello de Rianxo con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.
5. Instar á Unión Europea a dar o **apoio humanitario** necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.
6. Instar á UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás **persoas refuxiadas** e a comprometerse coa **atención sociosanitaria** das

crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e **á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.**

7. Solicitar á UE un maior esforzo para **impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia** a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.

9. Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a **non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas**, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.

10. A Corporación municipal do Concello de Rianxo **recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

8 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000014 e identificado pola pegada dixital:

0340fef10336def5d6dd0a2756c355662084a6dfb191ef134de5dccb2e4e468a

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=cIEh59X9XAY>